



DIOCESE
DE LUGO

Programación *Pastoral* Curso 2019-2020

Vivimos da *Eucaristía*



Liñas de acción

Curso pastoral 2019-2020

1. Un ano «eucarístico»

Neste ano 2019 celebrábase o 350 aniversario da Ofrenda do Reino de Galicia ao Santísimo Sacramento. Procuramos conmemoralo do mellor modo, con diversas iniciativas, destinadas a dirixir a nosa mirada a Xesús Sacramentado e ao significado do seu culto na historia e a tradición do noso pobo, e que culminaron o día mesmo da Ofrenda, presentada con solemnidade o pasado 30 de xuño pola cidade de Tui, seguindo a quenda establecida.

Para nós, na nosa responsabilidade propia como Igrexa nesta terra, este aniversario —que concluirá co ano natural en decembro— non nos lembra só un aspecto decisivo da misión histórica desta Diocese de Lugo para Galicia, senón tamén a urxencia perenne de salvagardar a verdadeira fe. Esta fora a motivación primeira da nosa tradición eucarística: poñer no Altar Maior da principal igrexa de Galicia —entón a nosa Catedral— un signo da verdadeira fe.

De aí o noso lema: *Hic hoc mysterium fidei firmiter profiteamur*. Esta tradición dos nosos maiores séguenos convidando a que nós, os primeiros, conservemos unha memoria viva, admirada e agradecida —adorante— de Aquel en quen cremos.

Non podemos conservar a fe nin, por tanto, transmitila —aínda que multipliquemos as iniciativas pastorais—, se non somos conscientes de en quen creo realmente. A pregunta non é para nada ociosa nos nosos tempos: Sabemos en quen cremos, en que apoiamos as nosas vidas? Porque hoxe non se discute só, como antano, sobre a comprensión adecuada do Evanxeo ou de Deus; senón mesmo sobre se de feito cremos en algo ou en nada, coma se fose posible ser persoa sen certezas propias sobre o mundo e a vida, sen esperanzas.

A Ofrenda, máis aínda, a Exposición permanente non nos fala en primeiro lugar de ritos ou costumes particulares, senón ante todo de nós mesmos, da nosa fe. Sabemos que cremos e tamén en quen cremos, de quen recibimos a luz para mirar a vida, presente e futura, para comprender o mundo coas súas loitas e desafíos.

Cremos en Xesucristo, o Fillo de Deus feito home, nacido da Virxe María, morto na cruz por nós e resucitado, que nos deu todo o seu ser, o seu corpo e o seu sangue como fonte de vida nova.

Así somos amados. Esta é a nosa certeza máis fonda, a mesma que sostivo o camiño do noso pobo na historia. Non poñemos a nosa esperanza na forza, no dominio sobre os demais, no acaparamento das riquezas; non confiamos no engano e a mentira, no poder das aparencias.

Tamén hoxe nós habemos de defender a verdade da nosa fe ante estas formulacións, presuntamente máis pragmáticos e realistas, que parecen dominar na nosa sociedade e que poñen en discusión o noso ser cristiáns e a nosa tradición; pero non o faremos simplemente con debates filosóficos, senón poñendo en xogo a propia persoa, cun modo de vida na caridade e na verdade aprendido e recibido moi conscientemente de Xesucristo mesmo, que o viviu primeiro.

Nós, nesta Diocese de Lugo, sabemos que conservar e crecer nesta fe, nesta alegría, é posible se gardamos a Eucaristía no centro da nosa vida cristiá, como resumo vivo e verdadeiro do Evanxeo, como presenza real do Señor Xesús, do sacrificio do seu amor por nós.

Por iso, na celebración deste 350 aniversario da Ofrenda ao Santísimo, queremos insistir este ano pastoral no coidado do sacramento da Eucaristía nas nosas parroquias e comunidades.

O primeiro aspecto é, por suposto, **a participación na Santa Misa cada domingo**, como fonte e cima da nosa vida cristiá, do noso ser Igrexa. Por iso, como xa dixemos con insistencia no longo proceso de reorganización pastoral, habemos de procurar que todo fiel cristián, en calquera lugar da nosa Diocese, teña a posibilidade real de participar na Misa dominical e de experimentar a súa pertenza a unha comunidade eclesial concreta, fundamentada na presenza sacramental do Señor resucitado. Este é o corazón da vida parroquial, que se expresará logo en todas as dimensións propias da existencia cristiá —educativa, celebrativa ou caritativa; de modo que a nosa fe poida incidir realmente na vida persoal e social.

Esta certeza da presenza próxima da Igrexa, que se reúne e celebra na propia contorna, permitirá vivir a súa pertenza tamén a quen non poida desprazarse o domingo ao templo; pero a quen o sacerdote e os irmáns poderán visitar e acompañar no cotián ao longo da semana.

Dar forma así de novo á vida comunitaria e parroquial na nosa Diocese é un proceso paulatino, que implica sen dúbida o cambio —por outra banda inevitable— de anteriores estruturas pastorais; pero será de inmensa importancia para o futuro da fe e do noso pobo.

Non perdamos a paciencia, aínda que o proceso sexa lento. Lembremos os recentes ensinamentos do Papa Francisco:

«... as respostas que demos esixen, para que poida xestarse, un san *aggiornamento*, «una longa fermentación da vida e a colaboración de todo un pobo por anos». Isto estimula xerar e poñer en marcha procesos que nos constrúan como Pobo de Deus, máis que a busca de resultados inmediatos que xeren consecuencias rápidas e mediáticas pero efémeras por falta de maduración ou porque non responden á vocación a que estamos chamados (...) Asumir e sufrir a situación actual non implica pasividade ou resignación e menos negligencia, pola contra supón unha invitación para tomar contacto con aquilo que en nós e nas nosas comunidades está necrosado e necesita ser evanxelizado e visitado polo Señor. E isto require coraxe porque o que necesitamos é moito máis ca un cambio estrutural, organizativo ou funcional»¹.

Fagamos pois este camiño xuntos, con paciencia e comprensión, con intelixencia das circunstancias concretas; pero certos do ben que significa para a nosa terra e a nosa xente a existencia dunha comunidade cristiá viva, real e palpable, reunida pola presenza e o amor do Señor morto e resucitado.

Continuar o camiño emprendido na reorganización pastoral é para nós, por tanto, unha prioridade de fondo, constante. Pídenolo a urxencia de anunciar ao home de hoxe a alegría do Evanxeo, e a necesidade de facer visible, experimentable a forma cristiá de vida, para cada un de nós en primeiro lugar e para que sexa posible transmitir, comunicar a fe como o ben decisivo para a persoa.

1 PAPA FRANCISCO, «Carta ao Pobo de Deus que peregrina en Alemaña», 29 xuño 2019, nn. 3, 5

Convén, en segundo lugar, coidar as expresións fundamentais da nosa relación con Xesús sacramentado, a devoción eucarística, de tanta tradición na nosa Diocese —e en Galicia.

Quixera insistir, a este respecto, **na dignidade propia da reserva eucarística** nos nosos sagrarios. As circunstancias pastorais das nosas parroquias, sobre todo en zonas rurais, leváronnos xa a tomar algunhas precaucións, e mesmo a elaborar algunha primeira normativa que agora recordo:

«Onde non poida recibir o Santísimo Sacramento un culto digno, aínda que sexa mínimo, debe retirarse. **Dispoño**, pois, que alí onde pase máis dun domingo sen celebración da Santa Misa, e non se saiba con certeza que o Sagrario será coidado exteriormente e visitado dalgún modo durante ese tempo, o Santísimo Sacramento sexa recollido nos sagrarios doutros templos onde a celebración sexa máis frecuente, e, no posible, próximos e accesibles a todos os fieis»².

Ao mesmo tempo, naqueles templos en que se conserve a reserva do Santísimo Sacramento, procuremos reavivar igualmente a conciencia dos fieis ante a presenza real do Señor. Non tería moito sentido coidar só externamente a limpeza e o adorno dos nosos sagrarios, sen acompañalos cos xestos da fe e do amor agradecido. Son importantes, a este respecto, as tradicións da nosa religiosidade popular: desde a xenuflexión e o silencio respectuoso ante Xesús sacramentado, ata o costume da visita ao Santísimo, expresión privilexiada da fe, momento singular de oración, que debemos coidar e promover.

Convén, en particular, introducir aos nenos de catequeses nestas prácticas, que axudan a crecer na conciencia da propia fe, da presenza próxima do Señor; non son simples costumes piadosas, quizais máis ben doutra época, senón expresión do corazón da nosa fe, como o é ante todo a participación na liturxia dominical, cuxa necesidade para unha boa catequese de iniciación cristiá subliñamos nas liñas de acción pastoral do curso pasado.

En relación a iso, quixera tamén animarvos a pedir aos vosos fieis que garden a tradición de visitar ao Santísimo exposto na nosa

2 ALFONSO CARRASCO ROUCO, «O don da indulxencia na Catedral Basílica de Lugo», Lugo 2017

Catedral cando se acheguen a Lugo. É un momento de oración —e de perdón e indulxencia— moi singular, que reafirma a nosa pertenza ao Señor e o noso ser Igrexa que camiña unida nesta terra. O acceso ao Santísimo segue sendo, por suposto, libre, non só para todos os diocesanos, senón para todos os fieis que desexen orar na súa presenza.

Outro aspecto fundamental da nosa tradición eucarística, particularmente visible tamén na celebración da Ofrenda, é **a adoración de Xesús sacramentado**, xunto coa procesión do Corpus Christi.

Máis aló dos xestos persoais de fe e devoción, simbolizados ben pola visita ao Santísimo, a adoración —xa máis organizada— e a procesión teñen unha clara dimensión comunitaria e parroquial; son unha proposta feita aos nosos fieis, unha acción que quere ser visible nas parroquias que temos encomendadas. Son, por tanto, xestos públicos, destinados a ter relevancia na nosa vida pastoral.

A tradición da adoración é grande na nosa Diocese. Existe ou existiu en moitas parroquias, forma parte da nosa maneira de rezar cando nos reunimos nas máis diversas ocasións.

Quixera invitarvos este ano a promovela de novo, de acordo coas circunstancias e as tradicións particulares de cada lugar. Como no caso da reserva eucarística, iso non será posible xa en todos os nosos templos parroquiais. Conviría tentar entón propoñer momentos de adoración naquelas igrexas máis adecuadas, nos centros de referencia das unidades pastorais, nalgún santuario, etc.

Iso contribuirá a que o noso pobo creza na conciencia da propia fe no Amor de Deus, revelado en Cristo, e na experiencia de unidade, de ser comunidade propiamente eclesial, que se atopa e se reúne máis aló de separacións socio-culturais, facendo «parroquia» nas nosas novas circunstancias.

Convén igualmente que renovemos e promovamos **a procesión do Corpus Christi**. A situación de moitas parroquias non permite xa tampouco a súa celebración en cada unha delas, a pesar de ter moi profundas raíces. Como para a adoración, será necesario propoñer aos propios fieis esta procesión como momento singular e solemne da nosa vida de Igrexa, reuníndose e realizándoa onde sexa máis conveniente, por exemplo nos centros de referencia das unidades pastorais.

Non ten sentido facer da procesión do Corpus motivo de afirmación das propias particularidades «parroquiais» ou «locais». É por definición unha manifestación pública da fe e da unidade do Pobo de Deus nun lugar, no medio da propia sociedade. Debemos dar prioridade a estes factores: facer pública profesión de fe, como urxencia pastoral primeira xa para nós mesmos, pois podemos caer hoxe día na tentación de non considerar a fe tan significativa para a vida como para mostrala publicamente; e facer manifesta á Igrexa nas rúas dos nosos pobos e cidades, como unha realidade presente que é unha proposta de vida na caridade e na verdade.

Procuremos, pois, este ano que a procesión do Corpus sexa un momento importante para todos os nosos fieis, reuníndonos onde sexa máis oportuno. Axudémoslos a comprendela e a vivila como unha experiencia singular de fe e de unidade, como un gran testemuño público da nosa esperanza.

2. A oración

Coidar a nosa relación coa Eucaristía e, en particular, algúns dos xestos elementais de devoción a ela, será a ocasión para unha certa reflexión sobre a realidade fundamental da nosa fe: como e en quen cremos.

Ante a eucaristía, tomamos conciencia da presenza real do Señor, da súa proximidade á nosa vida, da luz nova e da esperanza coa que nos fai mirar todas as cousas, da unidade profunda dos irmáns que brota deste sacramento.

Pero a consecuencia máis inmediata, en que se expresa con sinxeleza esta nosa fe, é a oración á que nos convida: tratamos con quen sabemos que nos ama, falamos cun amigo fiel (cf. Sta. Teresa de Xesús).

A celebración da Eucaristía é sen dúbida forma principal da oración cristiá; e leva inevitablemente a rezar, a falar con este Deus que recoñecemos presente, que vén ao noso encontro e que recibimos do modo máis íntimo e cordial na Comunión.

Por iso, tras os pasos dados estes dous últimos anos na nosa catequese, querería insistir agora na súa relación coa oración. A catequese deixaría de ser parte da iniciación cristiá se non ensinase a rezar, a falar con confianza co Señor, que sabemos presente e que nos escoita, que está atento ás nosas vidas.

É necesario aprender a poñer a propia existencia, as súas necesidades e as súas alegrías, en relación con Deus, a pedir o seu auxilio, a confiar nel como verdadeiro Pai, que quere o ben dos seus fillos. Pola contra, e case sen querer, educaríamos aos nenos e mozos a mirar ao mundo como horizonte pechado, a contar só consigo mesmos, en realidade a vivir coma se Deus non existise. Polo cal, serían logo presa fácil de calquera forma de espiritualismo ou de mesianismo equivocado; ou ben, ao final, veríanse abocados ao desconsolo e a desesperanza ante a falta de sentido.

Non podemos ser Igrexa, nin transmitir a nosa fe máis persoal, se non rezamos xuntos, os uns polos outros; se non encomendamos a Deus o ben de nosa propia vida e as necesidades do mundo.

Por iso, tamén para manter vivo e facilitar este acento catequético, dedicaremos este curso a formación permanente do clero á «oración cristiá». Serviranos como instrumento o recente documento da Comisión para a doutrina da fe da Conferencia Episcopal Española: «A miña alma ten sede de Deus, do Deus vivo (Sal 42, 3). Orientacións doutrinais sobre a oración cristiá».

3. Mes Misionero extraordinario

Este curso estará caracterizado tamén pola convocatoria dun «Mes misionero extraordinario», que se celebra neste outubro de 2019.

É unha invitación para vivir a dimensión misionera intrínseca á nosa fe cristiá e á Igrexa: somos discípulos misioneiros.

Este «mes extraordinario», que se corresponde co da celebración do Domund e, para nós, co aniversario do nacemento de San José María Díaz Sanjurjo, fainos pensar en primeiro lugar na misión *ad gentes*; e así, ao mesmo tempo, inevitablemente na necesidade que ten o home da fe verdadeira, de coñecer ao seu Creador e Salvador, para comprender a realidade e orientar o camiño da propia vida.

Cando se empobrece a dinámica misionera da nosa fe, cando non sentimos a urxencia de comunicala, debemos preguntarnos se aínda vemos con suficiente claridade a súa necesidade para nós mesmos, se a sentimos decisiva para a propia existencia. Aínda que tamén pode suceder, en ocasións, que nos atopemos atemorizados, con dificultade para «dar razón da nosa esperanza» (cf. 1 P 3, 15), para acertar co modo de comunicarnos co próximo.

En todo caso, as actividades deste «Mes misioneiro», que propoñerá a nosa Delegación de Misións, serannos de gran utilidade.

Necesitamos recuperar o alento católico propio da actividade misioneira, que nos convida a abrir o noso corazón ao mundo e a confiar na verdade profunda da nosa fe. Axudémonos tamén a facer máis visible a alegría do Evanxeo na nosa sociedade, a saír ao encontro do próximo coa confianza plena de levar nas palabras e no corazón a Boa noticia do Amor de Deus.

4. O Apostolado Segrar

Continuaremos tamén este ano a reflexión sobre o apostolado segrar que iniciamos o curso pasado a proposta da Conferencia Episcopal Española, e que culminará no próximo mes de febreiro cun Congreso nacional, no que participaremos tamén como Diocese.

O horizonte proposto para este tempo de preparación, de estudo e de oración, pola Comisión episcopal era o da vocación á santidad de todo fiel cristián, de cada un de nós, seguindo os ensinamentos do Papa Francisco na súa Exhortación apostólica *Gaudete et exultate*.

En efecto, esta é a alma mesma do apostolado segrar, do cumprimento da propia misión laical na Igrexa e no mundo: vivir a perfección do amor —a Deus e ao próximo— en todos os ámbitos da existencia, na propia responsabilidade na familia, o traballo, a vida social e pública, e tamén como membro da Igrexa. Só así, con este compromiso profundamente persoal que brota das certezas, a esperanza e o amor do corazón, será crible o testemuño cristián e eficaz, a nosa presenza no medio da sociedade.

Esta é a verdadeira dinámica da nosa fe: ser discípulos, que coñecen e aman ao Señor, que, alentados pola súa graza, camiñan unidos no seu seguimento; e ser, por tanto, misioneiros, facendo presente a novidade da caridade e a verdade alí onde se atopan.

É propio do segrar vivir na comunión da Igrexa, alimentado pola Palabra e os sacramentos; para poder logo exercer o propio munus profético, facer manifesto o que pide o amor verdadeiro en cada circunstancia da vida persoal ou social.

Necesitaremos de toda a vida da Igrexa —o seu maxisterio, os seus sacramentos, a compañía e o sostén mutuo—, para cumprir a nosa misión, que moitas veces irá en contra da opinión dominante e

mesmo do politicamente correcto: testemuñar, por exemplo, a verdade do amor matrimonial, da defensa da vida en todas as súas etapas, da xustiza ferida moitas veces nas relacións laborais, sociais ou políticas, etc.

O apostolado segrar, en todos os seus aspectos, tamén no exercicio das súas responsabilidades para coa propia Igrexa, é imprescindible para que o Pobo de Deus cumpra a súa misión nestes tempos, para que a súa presenza sexa perceptible, crible e fecunda para o ben dos irmáns, de toda a sociedade.

Continuemos, pois, o camiño de preparación durante este curso, confiando en que dea froitos duradeiros para todos. E participemos no Congreso nacional, para enriquecernos coas achegas de todos e para crecer na nosa conciencia de formar un único Pobo de Deus, de ser enviados cunha misión evanxelizadora decisiva para a nosa terra.

5. A intercesión da Nai da Igrexa

Que a Santísima Virxe María nos acompañe durante este curso e interceda por nós. Ela é a expresión máis gloriosa do noso ser Pobo de Deus, verdadeira Nai da Igrexa. Nela cúmprese con toda perfección a vocación á santidad propia de cada un dos fieis, realízase con sinxeleza e verdade, sen mancha, o ser discípulos do Fillo de Deus feito home. Nela realizouse plenamente a palabra do Señor: o que queira ser o primeiro, que se faga o último e o servidor de todos.

Acollémonos ao seu amparo, confiados en que o Señor poderá facer marabillas tamén en nós, os seus discípulos que camiñamos na súa Igrexa en Lugo; que tamén polo noso medio, servos pequenos e humildes, poderá facer as obras grandes da fe e da misión no novo curso que comezamos.

+ *Alfonso, bispo de Lugo*